



Concello de Xinzo de Limia

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto decreto de data 9 de decembro de 2017, polo que se delegaron no Concelleiro Manuel Cabas López determinadas competencias en materia de protección civil,

Visto decreto de data 27 de xaneiro de 2016, polo que se delegou no concelleiro de obras a competencia de resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial.

Visto que con data 6 de abril de 2018, foi elixido Alcalde do Concello de Xinzo de Limia, D. Manuel López Casas,

Visto que en decreto de data 6 abril de 2018, se estableceu o seguinte:

“DECRETO DELEGACIÓN COMPETENCIA XENÉRICA

De conformidade co disposto nos arts. 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Electoral, e de conformidade cos arts. 43, 44, 45 e 51 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

PRIMEIRO: DELEGACIÓNS XENÉRICAS.

1.- Delegar a área de Obras, Urbanismo e Infraestruturas no Concelleiro D. Ricardo Sieiro Opazo.

2.- Indicar que non se modifican as restantes delegacións realizadas por decreto de data 13 de xuño de 2015 e decreto de data 7 de setembro de 2017.

As delegacións son xenéricas e levarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e de xestionalos, en xeral, aínda que non leva engadida a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles a contar desde a recepción da notificación da presente Resolución.

TERCEIRO: Remitir o Decreto de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no taboleiro de anuncios

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da data.”

Visto que no decreto citado non se fixo referencia expresa as delegacións realizadas por decreto de data 9 de decembro de 2017, polo que se delegaron no Concelleiro Manuel Cabas López determinadas competencias en materia de protección civil e por decreto de 26 de xaneiro de 2016, polo que se delegou no concelleiro de obras a competencia de resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial.

En virtude do disposto nos artigos 9.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Primeiro.- Revogar a resolución de data 9 de decembro de 2017, pola que se delegaban determinadas competencias en materia de protección civil.

Segundo.- Delegar no Concelleiro de Medio Ambiente e Sanidade as seguintes competencias en materia de protección civil:

- 1) *Representar legalmente a agrupación ante toda clase de organismos públicos ou privados.*
- 2) *Convocar presidir e levantar as sesións que se celebren da asemblea xeral e da xunta directiva da agrupación, así como dirixir as deliberacións dunha e outra.*
- 3) *Autorizar coa súa asinatura os documentos, actas e correspondencia. Adopta calquera medida urxente que, a boa marcha de agrupación, aconselle no desenvolvemento das súas actividades e resulte precisa ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á xunta directiva.*

Terceiro.- Revocar a delegación de competencias de instrución do todos os expedientes de responsabilidade patrimonial en favor do Concelleiro de Obras, Urbanismo e Infraestruturas, outorgada por resolución de data 27/01/16.

Cuarto- Delegar na Concelleira de Medio Rural, Pedanías, Desenvolvemento Agrario e Industrial e Participación Cidadá, Dona Dolores Calvo López, a función de Instrutor nos expedientes de responsabilidade patrimonial do Concello.

Quinto-. Notificar o cambio de Instrutor recollido nos puntos terceiro e cuarto da presente resolución a todos os interesados con expediente a día da data concedendo un prazo de dez días hábiles desde a data de notificación desta Resolución a todos os

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

afectados por este cambio de Instrutor, no caso de que desexen exercer o dereito de abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Unha vez transcorrido este prazo sen recibir ningunha resposta, considerarase que non teñen nada que opoñerse e que continuará coa tramitación do procedemento sancionador, de conformidade coa lei.

Sexto.- A presente resolución será notificada os concelleiros delegados, entendéndose que aceptan a delegación se no prazo de tres días non indican a disconformidade. Asemade a presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE